



MOCIÓN DE URXENCIA:

MEDIDAS PARA POTENCIAR A D.O.P. PEMENTO DE HERBÓN.

Dona Teresa Rey Pazos, Concelleira do Grupo Mixto por Veciños de Padrón, presenta para ser tratada e votada no Pleno Ordinario da Corporación, do xoves, 27 de setembro, a seguinte **MOCIÓN DE URXENCIA:**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Pleno de xullo tivemos coñecemento de que o goberno do PP e do PGD estaban a remitir a diferentes autoridades para promocionar o pemento de Herbón, produto que non está amparado pola Denominación de Orixe Protexida Pemento de Herbón e co que xa expuxemos a nosa desconformidade e que hoxe, con esta moción, queremos explicar os motivos que nos levan a esta conclusión e que deu orixe a esta moción.

Como sabemos baixo a Denominación de Orixe Protexida (DOP), como así o indica a Asociación Española para a Calidade (AEC) na súa páxina web, entre outros, recóllense os produtos que están protexidos por unha normativa da Unión Europea que garante o **cumprimento duns requisitos superiores aos esixidos para o resto de produtos.**

A Denominación de Orixe Protexida (DOP) é o nome dunha rexión, dun lugar determinado ou, en casos excepcionais, dun país, que serve para designar un produto agrícola ou un produto alimenticio. Para iso, o produto debe cumprir os seguintes requisitos:

- Ser orixinario da devandita rexión, do devandito lugar determinado ou do devandito país.
- Ter unha calidade ou características que se deban fundamental ou exclusivamente ao medio xeográfico cos seus factores naturais e humanos.
- Debe producirse, transformarse ou elaborarse na zona xeográfica delimitada.

O “Pemento de Herbón” obtivo o recoñecemento como Denominación de Orixe Protexida pola Orde da Consellería do Medio Rural do 1 de xullo de 2009 pola que se aproba o seu Regulamento e se nomea o Consello Regulador Provisional.

A súa inscrición no Rexistro de Denominacións de Orixe Protexidas e de Indicacións Xeográficas Protexidas tivo lugar en virtude do Regulamento (UE) Nª 700/2010 da Comisión do 4 de agosto de 2010.

O Instituto Galego de Calidade Agroalimentaria (INGACAL), organismo público dependente da

Consellería do Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia, é o responsable da inspección, análise, control dos rexistros, dos procesos de produción, do envasado e da certificación do produto.

Como indica a web da Consellería de Medio Rural ao que pertence INGACAL : “Medio Rural apoia os investimentos na mellora da comercialización dos produtos agrarios e a participación do sector produtor na transformación e na distribución. **Emprende accións de fomento das denominacións de calidade co fin de protexer estes produtos e, mediante controis rigorosos, garantir a súa orixe xeográfica e a súa singularidade.**”

En Veciños de Padrón entendemos que o produto recolleito baixo D.O.P. Pemento de Herbón garante unha serie de controis de calidade que abalan o produto. A maiores somos conscientes de que a D.O.P. Pemento de Herbón ten bolsas onde non aparece o nome de ningunha persoa productora, polo que só promove o produto; non podemos decir o mesmo cando o Concello remite pementos dunha persoa productora concreta como foi o caso destes dous últimos anos.

Por todo o anteriormente exposto consideramos que debemos propoñer o seguinte **ACORDO**:

1.- Que desde o Concello de Padrón e o goberno local apóstease pola DOP Pemento de Herbón e utilícese o seu produto para as promocións, remisións, eventos, etc, que se poidan realizar ou organizar.

En Padrón, a 26 de setembro de 2018



Dona Teresa Rey Pazos

**SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE
PADRÓN**